


ZOELAS

teamente!Ra




dossier
2016



Zoelas é un grupo musical de recente creación que nace na Comarca da Ulloa. O xermolo do colectivo sitúase na Asociación Fiadeira, da que forman parte as integrantes de Zoelas. O nome é collido daquela tribu prerromana que habitaba a zona noroeste da península. Un matriarcado cuxos valores serven ao grupo de inspiración para moitas das súas composicións.



Partindo do seu contacto coa música tradicional, Bea García, Érica García, Carmela Mariño, Pilar Naveira, María Bouzas e Patricia Coucheiro deciden xuntar inquietudes musicais para dar lugar a Zoelas, proxecto no que misturan as raíces do canto tradicional con melodías doutros estilos musicais e letras propias convivindo con coplas recollidas.





Ofrecen un concerto onde os asistentes navegarán entre sons de diferentes países cun eixo común: voces femininas ben acompañadas por Bruno Villamor á requinta, gaita e zanfona; Miguel Varela á percusión e Michel Rivadulla á guitarra e ao acordeón.

O repertorio mestura versións de melodías tradicionais con letras propias; letras recollidas con melodías do grupo; ou cancións totalmente orixinais.

Zoelas atende non só á parte musical propiamente dita dos temas; senón que valora o feito escénico como unha maneira de achegarse ás melodías que aporta un plus na experiencia do concerto. Por iso se producen dramaturxias e varios elementos da escena xogan un papel importante nas pezas, aínda que só sexa de xeio presencial.



FACEBOOK

<https://www.facebook.com/grupozoelas/>

BANDCAMP

<https://zoelas.bandcamp.com/>

DESCÚBRENOS EN:

A close-up photograph of a person's hands playing a clarinet. The person is wearing a dark, textured jacket over a white shirt. The clarinet is black with silver keys. In the background, another person is partially visible, playing a guitar.

CONTRATACIÓN:

grupozoelas@gmail.com

TLFN.: 608047001
655345111

NECESIDADES TÉCNICAS

***Consultar necesidades
mínimas para eventos ou
espacios específicos**

**ADAPTÁMONOS
A DIFERENTES
ESPACIOS E
EQUIPACIONES
TÉCNICAS**